


**REUNIÓN DA COMISIÓN DE
INVESTIGACIÓN PARA DETERMINAR AS
CONSECUENCIAS DOS RECORTES E
PRIVATIZACIÓN DO SISTEMA
SANITARIO GALEGO (2009-2018), CON
ESPECIAL INCIDENCIA EN CASOS
COMO A NON DISPENSACIÓN DE
MEDICAMENTOS AOS ENFERMOS DA
HEPATITE C OU O FALECIMENTO DUN
PACIENTE SEN ATENCIÓN NO PAC DE
A ESTRADA**

Día: 31.10.2018

Hora: 16:00



A Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatizacións sobre o sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos necesarios aos enfermos da hepatitis C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día **31 de outubro de 2018, ás 16.00 horas**, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

Punto único. Aprobación do plan de traballo da Comisión.

O que lle comunico para o seu coñecemento e para os efectos de convocalo/a á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018.

Marta Rodríguez Arias
Presidenta

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodríguez Arias, na data 29/10/2018 14:18:06

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN PARA
DETERMINAR AS CONSECUENCIAS DOS
RECORTES E PRIVATIZACIÓN DO SISTEMA
SANITARIO GALEGO (2009-2018), CON
ESPECIAL INCIDENCIA EN CASOS COMO A NON
DISPENSACIÓN DE MEDICAMENTOS AOS
ENFERMOS DA HEPATITE C OU O
FALECIMENTO DUN PACIENTE SEN ATENCIÓN
NO PAC DE A ESTRADA**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

Jesús Miguel Prado Patiño

P

Secretaria

Eva Solla Fernández

EM

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz

P

Xoaquín María Fernández Leiceaga

S

Antonio Mouriño Villar

P

María Guadalupe Murillo Solís

P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

Ana Belén Pontón Mondelo

BNG

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

P

Julio Torrado Quintela

S

Luis Villares Naveira

EM

Reunión da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada

Día: 31.10.2018

Hora: 16:00

Orde do día

1. Aprobación do plan de traballo da Comisión.

Proposta de Plan de traballo elaborado pola Mesa da Comisión de investigación para determinar as consecuencias dos recortes e privatización do sistema sanitario galego (2009-2018), con especial incidencia en casos como a non dispensación de medicamentos aos enfermos da hepatite C ou o falecemento dun paciente sen atención no PAC de A Estrada, o día 29 de outubro de 2018, ao abeiro do disposto no artigo 3 e) das Normas de Funcionamento da Comisión.

1ª FASE Solicitud e aportación de documentación.

A continuación enumérase a documentación da que se solicita a súa remisión:

- Informe anual Bloomberg sobre nivel de eficiencia nos sistemas sanitarios
- Health at a glance Europe 2016. State of health in the EU cycle (European Commission)
- Informe de fiscalización da xestión das prestacións de asistencia sanitaria derivadas da aplicación dos regulamentos comunitarios e convenios internacionais da seguridade social (Tribunal de Cuentas)
- Estatística de gasto sanitario público 2016 (Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social)
- Indicadores de saúde 2017 (Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social)
- Informe anual sobre Sistema Nacional de Saúde 2016. Galicia (Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social)
- Sistema de información sobre lista de espera no Sistema Nacional de Saúde. Situación a 31 de decembro de 2017 (Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social)
- Informes de fiscalización da conta xeral do SERGAS. Exercicio 2008 – Exercicio 2016 (Consello de Contas)
- Informe sobre situación lista de espera (SERGAS)
- Información sobre evolución da plantilla media de profesionais por anos. Período 2008-2018 (SERGAS)

- Información sobre evolución do absentismo dos profesionais do SERGAS no período 2008-2017 (SERGAS)
- Informe sobre evolución anual das convocatorias de ofertas públicas de emprego (SERGAS)
- Información sobre actividade áreas consultas, probas diagnósticas, cirúrxica, hospitalización. Servizo Galego de Saúde. Período 2008-2017 (SERGAS)
- Informe sobre actividades desenvolvidas nos Puntos de Atención Continuada (SERGAS)
- Informe sobre persoas beneficiadas por dereitos recollidos na Lei 12/2013, de garantías de prestacións sanitarias (SERGAS)
- Informe sobre adherencia ao tratamento farmacolóxico no Servizo Galego de Saúde (SERGAS)
- Información sobre persoas beneficiadas polo programa de protección social de saúde pública en Galicia (Consellería de Sanidade)
- Acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo de 26 de xuño de 2006 (SERGAS)
- Sentenza 25/2018. Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo
- Informe sobre resultados da atención a pacientes hepatite C en Galicia (SERGAS)
- Conclusións do informe da inspección sanitaria sobre a morte dun paciente no Punto de Atención Continuada da Estrada (SERGAS)

2ª FASE Comparecencias.

A continuación relaciónanse as persoas cuxa comparecencia se solicita:

ASOCIACIÓNS DE PACIENTES:

- Carmen López Rodríguez - directora sociosanitaria de FEGEREC (Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas), para informar sobre a evolución do tratamento das doenzas dos seus asociados en Galicia.
- Abelardo Sánchez Sanjurjo – presidente Asociación Galega de Transplantes AIRIÑOS, para informar sobre a evolución do sistema de transplantes e sobre o tratamento da hepatite C en Galicia.

- Laura Quintas Lorenzo - presidenta de AGADHEMO (Asociación Galega de Hemofilia) e vogal de COGAMI, para informar sobre o tratamento da hepatite C en Galicia.

PROFESIONAIS SANITARIOS E EXPERTOS:

- Representante do Consello de Contas, para informar sobre a evolución do gasto sanitario en Galicia.

- Beatriz González López-Valcárcel, doutora en Economía, catedrática de Métodos Cuantitativos en Economía e Gestión da Universidade de Las Palmas e especialista en Economía da Saúde, para informar sobre a evolución do gasto sanitario no Sistema Nacional de Saúde.

- Juan Jesús Gestal Otero, membro numerario de la Real Academia de Medicina. Ex-Decano da facultade de Medicina da USC e ex-xefe de servizo de Medicina Preventiva no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública e dos indicadores de saúde en Galicia.

- Enrique Castellón Leal, membro del Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública en Galicia.

- Serafín Romero Agüit, presidente do Consejo General de Colegios de Médicos de España, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública en España e, particularmente, en Galicia.

- Rafael Matesanz Acedos, Nefrólogo. Ex-director da Organización Nacional de Transplantes, para informar sobre a evolución do sistema de transplantes en España e, particularmente, en Galicia.

- Víctor Manuel López García, xefe do servizo de Farmacia – EOXI Lugo, , para informar sobre a evolución dos tratamentos e do gasto farmacéutico en Galicia.

- Rafael López López, xefe do servizo Oncoloxía Médica – EOXI Santiago, para informar sobre a evolución dos tratamentos na súa especialidade en Galicia.

- José Manuel Olivares Díaz, xefe do servizo de Psiquiatría Agudos – EOXI Vigo, para informar sobre a evolución dos tratamentos na súa especialidade en Galicia.

- Sandra Vidal Martínez, supervisora da área de Docencia e investigación – EOXI Ourense, para informar sobre a evolución da atención de enfermería e da investigación sanitaria en Galicia.

- Rosendo Bugarín González, médico de familia do centro de saúde de Monforte – EOXI Lugo, para informar sobre a evolución da atención primaria en Galicia.
- Antonio Martínez Calvo, Xerente Executivo do Hospital do Salnés, para informar sobre a evolución da atención sanitaria nos hospitais comarcais en Galicia.
- Sergio Vázquez Estévez, Xefe de servizo de oncoloxía do Hospital Lucus Augusti de Lugo, para informar sobre a xestión dos hospitais de día oncolóxicos nos hospitais comarcais en Galicia.
- Juan Turnes Vázquez, xefe do servizo de Dixestivo, hospital Montecelo – EOXI Pontevedra, para informar sobre o tratamento da hepatite C en Galicia.
- Manuel Delgado Blanco, especialista en Dixestivo – EOXI Coruña, para informar sobre o tratamento da hepatite C en Galicia.
- Fernando Jorge Mora, Asesor Xurídico do Sergas, para informar sobre a xestión dos tratamentos da hepatite C en Galicia.
- Felipe Calle Vellés, director de Procesos sen Ingreso e Urgencias – EOXI Santiago, para informar sobre a evolución da atención primaria en Galicia e sobre o caso do paciente falecido no Punto de Atención Continuada da Estrada.
- Manuel Bernárdez Otero, director coordinación Asistencial – Urgencias Sanitarias 061, para informar sobre a xestión das emerxencias sanitarias en Galicia e sobre o caso do paciente falecido no Punto de Atención Continuada da Estrada.

RESPONSABLES INSTITUCIONAIS:

- Jorge Aboal Viñas, director xeral de Asistencia Sanitaria, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública en Galicia.
- Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, xerente do Servizo Galego de Saúde, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública en Galicia.
- Valeriano Martínez García, conselleiro de Facenda, para informar sobre a evolución e a eficiencia do gasto sanitario en Galicia.
- Jesús Vázquez Almuña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública en Galicia.

- Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, para informar sobre a evolución xeral da sanidade pública en Galicia.

3ª FASE Traballo en Ponencia.

Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias iniciaranse os traballos de elaboración da proposta de ditame en ponencia.

No transcurso dos traballos da ponencia, se fose necesario para elaborar a proposta de ditame, a iniciativa dun Grupo Parlamentario a comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ó obxecto da comisión.

4ª FASE Debate e aprobación da proposta de ditame pola comisión.